



CIRCULAR INFORMATIVA 19/2019

XORNADAS E TALLERES SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO

O Colexio de Avogados, seguindo a súa programación específica en materia de violencia de xénero, ofrecerá neste mes de decembro as seguintes xornadas e talleres.

1. “A fase de instrución nos delitos sexuais. A investigación policial na trata de seres humanos con fin de explotación sexual”

Día: martes, 10 de decembro de 2019

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Horario: de 19.00 a 21.00 h

Prazas: 100 (por orde de inscrición)

Inscrición: mediante solicitude dirixida ao enderezo icas@icasantiago.org

Custo: gratuíto para colexiados/as do ICA Santiago

Relatora/or:

Ana López-Suevos Fraguera (maxistrada do Xulgado de Instrución Núm. 1 de Santiago de Compostela)

Jesus Pérez Fraga (inspector de policía, xefe do Grupo de Investigación da UCRIF)

2. “Delitos sexuais: Tipos penais, proba, perspectiva de xénero e dereito de defensa. A proba forense neste tipo de delito”.

Día: luns, 16 de decembro de 2019

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Horario: de 19.00 a 21.00 h

Prazas: 100 (por orde de inscrición)

Inscrición: mediante solicitude dirixida ao enderezo icas@icasantiago.org

Custo: gratuíto para colexiados/as do ICA Santiago

Relator/a: **José Gómez Rey** (maxistrado da Sección 6ª da AP da Coruña)

Begoña Rubio Viqueira (médica forense do Imelga)



CIRCULAR INFORMATIVA 19/2019

3. Aberto o prazo de inscrición en 3 novas edicións dos talleres sobre a orde de protección

O pasado 28 de novembro realizouse a primeira edición deste taller e a programada para o vindeiro 12 de decembro xa ten todas as prazas ocupadas.

Debido á alta demanda que está a ter este taller, **abrimos o prazo de preinscrición para as tres seguintes edicións** que se van programar durante o **mes de xaneiro**.

Recordamos que os colexiados e colexiadas interesadas só poderán inscribirse nun único taller (10 prazas) e as prazas dispoñibles outorgaranse por onde de inscrición.

Día: por determinar (mes de xaneiro)

Lugar: biblioteca do ICA de Santiago

Hora: de 19.00 h

Prazas: 10 por edición (con preferencia para avogados/as adscritos/as á quenda especial de violencia de xénero)

Inscrición: mediante solicitude dirixida ao enderezo icas@icasantiago.org

Custo: gratuíto para colexiados/as do ICA Santiago

Memento sobre violencia de xénero

O Colexio de Avogados adquiriu 100 exemplares do memento **Violencia machista**, da editorial Francis Lefebvre, que serán repartidos de forma gratuíta entre as persoas que asistan a este taller e ás dúas xornadas formativas (con preferencia para avogados/as adscritos á quenda especial de violencia de xénero).

Os talleres, as xornadas formativas e os mementos **contan co financiamento da Xunta de Galicia** en virtude do convenio asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consello da Avogacía Galega para o desenvolvemento de accións de formación especializada a profesionais da avogacía en temas de violencia de xénero.